Os verbos

1.Escribe os verbos que aparecen no texto.



A cociña en marcha

Que actividade na cociña pola mañá! A torradora torra pan, o espremedor espreme laranxas e o batedor bate amorodos con leite. Mmm, que almorzo máis rico! Entrementres, o cociñeiro asa a carne para o xantar. Canto movemento!









_____ _____ _____ _____

2. Escribe o infinitivo das seguintes formas verbais.

- **comeu:**_____
- **xoguei:**_____
- **estudamos:**_____
- **canto:**_____
- **falou:**_____
- **perderon:**_____

3. Completa cada oración coa forma verbal axeitada.

- Mañá, se non chove, todos (*xogar*) _____ no parque da música.
- De nova, miña nai (*traballar*) _____ nunha tenda de roupa.
- Sabes que o avó (*estudar*) _____ inglés desde hai dous meses?
- Esta empresa (*fabricar*) _____ o primeiro coche hai noventa anos.

4. Escribe o infinitivo dos verbos que aparecen nas oracións.



- As andoriñas fixeron un niño no balcón da casa. ▶ _____
- Cos zapatos furados, non chegarás moi lonxe. ▶ _____
- Adela le un conto cada día na biblioteca do cole. ▶ _____
- O meu amigo Xenxo sempre escribe con boli azul. ▶ _____

5. Marca as formas que pertencen ao verbo patinar.

• parte	• patinou	• peitea	• premiaron	• patinarás
• patino	• patinará	• patinei	• patine	• patinaba

6. Escribe as formas que non rodeaches no exercicio anterior e escribe o seu infinitivo.



Forma: _____

Infinitivo: _____



Forma: _____

Infinitivo: _____



Forma: _____

Infinitivo: _____

7. Escribe o infinitivo que corresponda a cada forma verbal.

- aprendes ▶ _____
- dixeron ▶ _____
- estará ▶ _____
- fariamos ▶ _____
- serven ▶ _____
- berrou ▶ _____

